

<b>CONVOCATORIA</b>	(CI2024M)
<b>PRAZA/POSTO</b>	1472 - Operario/a, encadrada na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios
<b>TIPO</b>	Primeiro exercicio
<b>DATA</b>	20/02/2025

**1. De acordo co art. 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:**

- a) Nos caos de matrimonio ou unión de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de cinco días naturais ininterrompidos
- b) Nos caos de matrimonio ou unión de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de quince días naturais ininterrompidos
- c) Nos caos de matrimonio ou unión de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de sesenta días naturais ininterrompidos
- d) Nos caos de matrimonio ou unión de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de corenta e cinco días naturais ininterrompidos

**2. De acordo co art. 12 da Constitución Española de 1978:**

- a) Os españois son maiores de idade aos catorce anos
- b) Os españois son maiores de idade aos dezoito anos
- c) Os españois son maiores de idade aos vinte e un anos
- d) Os españois son maiores de idade aos dezaseis anos

**3. De acordo co art. 18 da Constitución Española de 1978 (sinalar a incorrecta):**

- a) Garántese o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe
- b) Calquera entrada ou rexistro poderá facerse no domicilio sen consentimento do titular ou sen necesidade de resolución xudicial
- c) Garántese o secreto das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial
- d) A lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos

**4. De acordo co artigo 31 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de Réxime Local:**

- a) O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponde á Consellería de Facenda e Administración Pública
- b) O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponden á Deputación ou outras Corporacións de carácter representativo
- c) O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponde ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica
- d) O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponde ao Concello de máis poboación da provincia

5. **Nun sistema de calefacción por auga, cal é a principal razón técnica para instalar un purgador de aire?**
- a) Para reducir o ruído producido polo aire atrapado nas tubaxes
  - b) Para regular automaticamente a presión do sistema de calefacción
  - c) Para evitar que o aire atrapado cause corrosión nas tubaxes e radiadores
  - d) Para evitar que o aire acumulado impida a correcta circulación da auga no sistema
6. **Na instalación de tubaxes de PVC, que factor é clave para asegurar unha unión hermética mediante adhesivo especial?**
- a) Aplicar unha capa grosa de adhesivo en ambas as superficies e unilas sen presión para evitar deformacións
  - b) Limpar e lixar lixeiramente a superficie de unión antes de aplicar o adhesivo, exercendo presión firme e rotatoria ao ensamblar
  - c) Unir as pezas en seco primeiro para verificar o axuste e logo aplicar o adhesivo sen esperar a que seque
  - d) Utilizar só cinta de teflón nas unións para reforzar a adherencia do pegamento
7. **Nunha instalación de auga fría e quente con tubaxes PEX, que tipo de conexión é máis fiable e segura?**
- a) Conexión por compresión con aneis de latón
  - b) Unión con adhesivos especiais para tubaxes plásticas
  - c) Soldadura térmica con fundente de alta temperatura
  - d) Empalme directo con rosca metálica sen necesidade de adaptadores
8. **Cal é a principal función dunha chave Stillson en fontanería?**
- a) Axustar a presión nas tubaxes
  - b) Apertar e afrouxar porcas hexagonales
  - c) Cortar tubaxes de metal
  - d) Soster e virar tubaxes de gran diámetro
9. **Cal dos seguintes tipos de pintura úsase comunmente para superficies de concreto e ladrillo pola súa alta transpirabilidade?**
- a) Esmalte sintético
  - b) Pintura acrílica
  - c) Pintura ao silicato
  - d) Pintura ao clorocaucho

10. Cal das seguintes pinturas non ten base de auga?
- a) Vinílica
  - b) Acrílica
  - c) Epoxi
  - d) Latex
11. Ao almacenar brochas e pinceis, que método é recomendable para evitar que se deformen as porcas?
- a) Gardalas coas porcas cara abaixo
  - b) Colocalas nun recipiente con auga
  - c) Colocalas coas porcas cara arriba, nun soporte adecuado
  - d) Envolveas ao baleiro en plástico para protexelas
12. Que facemos ao cortar dunha planta, cuxos caracteres se queren conservar e transmitir, unha xema ou un brote con xemas, denominado "púa", que se solda a outra planta especialmente robusta denominada "patrón"?
- a) Un enxerto
  - b) Un abacelo
  - c) Unha puga
  - d) Unha deriva
13. Cal das seguintes ferramentas pode ser manexada cunha soa man?
- a) Guadaña
  - b) Aixada
  - c) Fouce
  - d) A resposta a) e b) son correctas
14. Como se denomina a actividade que consiste en labrar a terra para repartir os terróns e, á vez, rompelos? Adóitase realizar ao final do inverno, cando finalizan as xeadas:
- a) Desmenuzar
  - b) Labra
  - c) Abrandar
  - d) Rozar
15. Cales son os 2 elementos que participan na fotosíntesis das plantas?:
- a) A clorofila e o osíxeno
  - b) A clorofila e a luz solar
  - c) A luz e o dióxido de carbono
  - d) A clorofila e a luz artificial

**16. Unha "Cantiléver" é:**

- a) Un andel para almacenamento de cargas longas e pesadas
- b) Un tipo de carretilla eléctrica contrapesada
- c) Un ponte-guindastre para o desprazamento de estruturas de madeira dentro da nave e carga de camiós
- d) Unha máquina dispensadora de flejes de aceiro

**17. A madeira é un material higroscópico porque ten:**

- a) A capacidade de absorber a humidade do ambiente
- b) A capacidade de ceder humidade ao ambiente
- c) A capacidade de deformarse e adaptarse aos cambios
- d) A capacidade de ceder ou absorber humidade do ambiente

**18. O adhesivo é unha substancia que serve para unir dúas ou varias superficies. Os principais adhesivos utilizados en revestimento de madeira son:**

- a) Cola negra, cola de contacto e cola de fusión
- b) Cola branca, cola de contacto, cola de fusión e adhesivo de 2 compoñentes
- c) Cola amarela, cola de contacto e cola de fundición
- d) Cola verde, cola de contacto e cola de fusión

**19. Cal é o obxectivo principal do almacenamento de materiais e aveños?**

- a) Maximizar a cantidade de produtos nun espazo reducido
- b) Minimizar o tempo de carga e descarga de materiais
- c) Protexer os materiais contra danos e deterioracións
- d) Facilitar o acceso e a identificación dos produtos

**20. Que é a paletización e que vantaxes ofrece?**

- a) Un método para almacenar produtos en andeis
- b) Un sistema para optimizar a carga e descarga de materiais
- c) Un proceso para protexer os materiais durante o transporte
- d) Unha técnica para agrupar produtos en unidades de carga

**21. A primeira medida a adoptar en materia de residuos é:**

- a) Reciclado
- b) Reutilización
- c) Reducir
- d) Ranipulación

22. Nunha contorna industrial, os traballadores deben estar adestrados para manexar cargas pesadas. Cal é o peso máximo recomendado para que unha soa persoa poida levantar sen equipo adicional, baixo condicións ideais?:
- a) 15kg
  - b) 25kg
  - c) 35kg
  - d) 40kg
23. Que proceso aplicarías para a limpeza dun pavimento antiescorregadizo dunha cocíña industrial?:
- a) Desengraxado –varrido – fregado – secado
  - b) Varrido – desengraxado – fregado – secado
  - c) Fregado – secado – abrillantado – desengraxado
  - d) Fregado – secado – desengraxado – fregado
24. Como quitarías unha mancha de tinta dun moble de madeira encerada?:
- a) Deterxente neutro
  - b) Aguarras ou gasolina
  - c) Amoníaco
  - d) Papel secante con alcol
25. Nunha reparación de emerxencia dun conduto de auga que sufriu unha rotura, que material é máis adecuado para unha solución temporal?
- a) Cinta adhesiva estándar
  - b) Cinta de silicona auto-fusionante ou abrazaderas con goma
  - c) Resina epoxi
  - d) Sellador acrílico e cinta teflón
26. O Real Decreto 486/1997 do 14 de abril, establece as disposicións mínimas de seguridade e de saúde aplicables aos lugares de traballo. O citado Real Decreto non será de aplicación:
- a) O citado Real Decreto será de aplicación xeral a todo tipo de traballo
  - b) As obras de construción temporais ou móbiles
  - c) Os buques de pesca
  - d) B e C son correctas
27. Segundo o Real Decreto 486/1997 do 14 de abril, nos locais de traballo a altura mínima das varandas é de:

- a) 1 metro
- b) 75 centímetros
- c) 90 centímetros
- d) 80 centímetros

**28. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:**

- a) 100 ou máis traballadores
- b) 150 ou máis traballadores
- c) 50 ou máis traballadores
- d) 175 ou máis traballadores

**29. Segundo o Real Decreto 486/1997 do 14 de abril, no caso dos peiraos e ramplas de carga deberá terse especialmente en conta a dimensión das cargas transportadas. A anchura mínima das portas exteriores e dos corredores será de:**

- a) 80 centímetros e 1 metro respectivamente
- b) 1 metro e 1,5 metros respectivamente
- c) 90 centímetros e 1 metro respectivamente
- d) 80 centímetros e 1,5 metros respectivamente

**30. Con respecto á Lei de Prevención de Riscos Laborais indique cal é a Lei actualmente en vigor?:**

- a) Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais
- b) Lei 13/1998, do 7 de outubro, de Prevención de Riscos Laborais
- c) Lei 14/1998, do 8 de maio, de Prevención de Riscos Laborais
- d) Lei 15/1987, do 7 de outubro, de Prevención de Riscos Laborais

**RESERVAS:**

**31. De acordo co artigo 33 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases Local, é unha atribución indelegable do Pleno da Deputación Provincial:**

- a) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público
- b) A declaración de lesividade dos actos da Deputación
- c) A formulación de conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións Públicas
- d) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria

**32. De acordo co art. 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:**

- a) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos dous anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares
- b) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos tres anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares
- c) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos cinco anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares
- d) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos dez anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares

**33. Cal é a función específica dunha escofina dentro das ferramentas de man para traballar a madeira?**

- a) Rebaixar madeira e superficies duras para un acabado fino
- b) Facer cortes precisos en ángulo en pezas de madeira
- c) Desbastar madeira, deixando unha superficie rugosa
- d) Redondear e puír bordos de pezas de madeira

**34. O proceso que consiste en quitar os refugallos do céspede, recibe o nome de:**

- a) Escarificado
- b) Aireado
- c) Secado
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**35. Segundo o artigo 4 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, enténdese como risco laboral grave inminente:**

- a) Aquel que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e que poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores
- b) Aquel que como consecuencia da mala utilización dos EPIs produza un dano grave inminente
- c) Aquel traballo que xere enfermidade profesional recoñecida
- d) Todas as respostas son incorrectas

RESPOSTAS 1º EXAMEN TEST: CONVOCATORIA PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIADO CON CARGO A UNHA PRAZA DE OPERARIO/A, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS E INTEGRADA NO SUBGRUPO E (QUENDA LIBRE), INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021, 2022, 2023 E 2024 (CL2024M)

PREGUNTA	OPCIÓN
1	B
2	B
3	B
4	B
5	D
6	B
7	A
8	D
9	C
10	C
11	C
12	A
13	C
14	C
15	B
16	A
17	D
18	B
19	C
20	D
21	C
22	B

→ ANULADO



23	B
24	D
25	B
26	D
27	C
28	C
29	A
30	A
PREGUNTAS DE RESERVA	
31	C
32	C
33	C
34	A
35	A